

O exilio en Galicia de Rómulo Gallegos

LOIS PÉREZ LEIRA

Naquel mar azul verdoso de Beluso, naquela Galicia da II República, onde todo era presente e futuro, un escritor venezolano autoexiliado percorría as praias de fina areia e de penas encantadas. Acompañábano as musas inspiradoras que viñan da súa afastada terra, mentres escoitaba antigos cantos míticos, que falaban de celtas e de romanos.


Naquela terra onde os vellos mariñeiros recordaban mil e unha aventuras por mares enfurecidos, o escritor venezolano Rómulo Gallegos, xunto a un grupo de intelectuais do seu país, soñaron libros e revolucións. Foron as longas vacacións dos anos 1933, 1934 e 1935 as que marcaron para sempre unha xeración que escribirá auténticas páxinas de ouro da historia venezolana.

Rómulo Gallegos naceu en Caracas o 2 de agosto de 1884. Foron os seus pais Rómulo Gallegos Osío e Rita Freyre Guruceaga, ambos os dous descendentes de galegos. A súa nai sempre sinalaba o seu orgullo de ter apelidos de orixe galega e vasca. O matrimonio tivo sete fillos, dos que Rómulo foi o segundo en nacer.

A familia era humilde, había que dar de comer a sete bocas, mandalos á escola, mercarles roupa. Non lle resultou doado a este matrimonio levar a familia adiante. Desde pequeno, Rómulo mostrouse como un estudante inquedo e sensíbel. Estudou no colexio Sucre e realizou estudos universitarios en Filosofía, Literatura e Matemáticas.

Máis tarde dirixiu o Liceo Federal de Barcelona en Venezuela, a Escola Normal e o Liceo Andrés Bello, ambos os dous na capital venezolana.

En 1912 casa con Teotiste Arocha Egui. Nese mesmo ano foi nomeado director do Colexio



Rómulo Gallegos en Beluso, 1935

Federal de Varóns, no Estado Anzoátegui; pero volve a Caracas ao morrer o seu pai. Despois, é docente no Colexio de Caracas, ata 1930.

Durante o tempo en que desempeñou o seu labor como docente, escribiu innumerábeis novelas baseadas na vida do seu país. A carreira literaria de Rómulo Gallegos iniciouse en 1909, ano en que colaborou na fundación da revista *La Alborada*.

Como modernista, publicou os seus primeiros relatos no xornal *El Cojo Ilustrado*. A primeira obra de Gallegos foi *Los aventureros* (1913) unha colección de narracións.

Na novela *Reinaldo Solar* (1920) trata das dificultades

do protagonista por lograr o equilibrio e a harmonía entre a súa vida pública e privada. En 1922 publica *Los inmigrantes* (1922). En la *La trepadora*, novela de 1925, céntrase na conquista do poder.

A súa obra máis destacada, *Doña Bárbara*, escrita en 1929, describe e analiza a inútil loita contra a opresión en Venezuela. A publicación da novela, unha dura crítica ao ditador Juan Vicente Gómez, obrigouno a renunciar como senador e autoexiliarse no Estado español durante o tempo que durou a ditadura no seu país, desde 1931 ata 1935.

O 14 de abril de 1931 Rómulo Gallegos saíu coa súa esposa, Teo, rumbo a Nova York. A etapa neiorquina foi moi difícil pois apenas contaban con recursos os Estados Unidos era un país moi afastado culturalmente da súa Venezuela natal. Mentres o matrimonio intenta adaptarse á nova realidade norteamericana, instáurase a II República en España. Foi un 14 de abril de 1931, Rómulo vibrou de emoción con aquela noticia,

tiña moitas lembranzas daquela terra que consideraba como propia. Non o dubidaron moito, cando puidesen conseguir os cartos para as pasaxes, marcharían a respirar os novos aires de liberdade daquel proceso político. Por outra banda, en España estaban algúns amigos venezolanos cos que partillaba unha mesma visión política sobre Venezuela. En abril de 1932 partiron cara ao Estado español, establecéndose primeiro en Barcelona, ata que en 1934 deciden trasladarse a Madrid.

Na capital da nova república, Rómulo, malia ser un home discreto pouco amante das figuracións, comenza a visitar os ámbitos literarios. Como non podía ser doutro xeito, o seu lugar predilecto era o Ateneo de Madrid, lugar emblemático dos intelectuais republicanos. Tamén frecuenta algúns dos faladoiros máis concorridos daqueles tempos, como Zahara e La Granja del Henar. Naqueles faladoiros interminábeis coñece moitos dos escritores de máis sona da época. Relaciónase con Ortega y Gasset, Gabriel Miró, Pérez de Ayala... Aqueles cafés tamén eran frecuentados por intelectuais galegos que residían na capital: os irmáns Dieste, Laxeiro, Federico Ribas, Ramón Suárez Picallo, Eugenio Granell, Enrique Fernández Sendón *Fersen*, Lorenzo Varela, Cándido Fernández Mazas, Castelao e o dirixinte sindical e xornalista Alberto Fernández Mezquita. Con este último manterá unha profunda amizade que durará no tempo. Fernández Mezquita era un mozo ourensán de forte sentimento galeguista, aínda que estaba vinculado á Izquierda Comunista, que posteriormente se converterá no Partido Obrero de Unificación Marxista (POUM). Por aqueles tempos Mezquita era a parella sentimental da grande artista plástica Maruja Mallo, unha das animadoras máis destacadas daquel Madrid republicano e soñador.

Será Mezquita quen presentará a Rafael Alberti e a María Teresa León ao prometedor escritor venezolano. A amizade de Gallegos con Mezquita fai que o escritor venezolano decida pasar tempadas de verán na vila costeira de Bueu. Alí tiña casa o artista Federico Ribas, onde se recluía para pintar. Cada tanto, naqueles

Lois Pérez Leira foi membro da Federación de Sociedades Galegas. No seu retorno a Galicia (1990) especializouse en temas migratorios. Na súa bibliografía destacan: *O galego Soto, líder da Patagonia rebelde* (1999); *Galegos no sindicalismo americano* (2004); *Cuba, os galegos e o Che* (2008); *Ramón Suárez Picallo, o primeiro deputado da emigración* (2008) e *Mulleres da emigración* (2009).



Na casa de Beluso, coa súa esposa Teotiste Arocha

debates literarios saía a idea de se refuxiar naquel paraíso perdido. Rómulo entusiasmárase tanto con aquela idea e coa posibilidade de volver ás súas raíces ancestrais que convence á súa compañeira para se retirar da vida mundana e ruidosa de Madrid e reconcentrarse na Galicia mariñeira. Rómulo coñecía a obra de Rosalía e seguía moi de preto a obra literaria de Valle-Inclán. Os seus amigos galegos falábanlle de Curros e mais de Pondal.

En 1933 realiza a primeira viaxe a Bueu, ficando impactado coa súa paisaxe. O escritor precisaba dun lugar tranquilo para o seu labor creativo. Na súa mente tiña varias novelas, algunhas xa comezadas, e precisaba de sosego. Aquel verde, aquel mar, aquela xente mariñeira dáballe a paz necesaria para seguir escribindo. Á súa dona, Teo, encantábanlle as praias e a gastronomía destas terras e fixera boas amizades entre os veciños.

Polas tardes, cando Rómulo descansaba de tanto teclear a vella máquina de escribir, acostumaban camiñar pola praia de Beluso, onde vivían. Alugaran unha confortábel casa que ficaba na punta da praia e tiña unha leira con numerosas árbores froiteiras desde onde se podía enxergar o fermoso porto de Bueu.

As estadias galegas desta familia duraban os tres meses do verán, e case sempre ían acompañados por un grupo de compatriotas venezolanos que simpatizaban coas ideas do escritor, entre os cales estaban Gonzalo Barrios, Nelson Himiob, o doutor Raúl García Arocha, Juan Oropesa, o doutor Rafael Ramón Irzabal e o arquitecto Enrique García Maldonado. Formaban tamén parte do grupo o destacado escritor mexicano Andrés Iduarte, a súa esposa Graciela, o xa citado Alberto Fernández Mezquita e, seguramente, a xenial Maruja Mallo. Moitos deles foron máis tarde recoñecidos políticos, artistas ou escritores.

Malia as preocupacións dos “venezolanos” —como lles chamaban en Beluso— pola situación que estaba a atravesar o seu país, o grupo era feliz naquelas estadias estivais. A tal punto que repetiron nos veráns de 1934 e 1935.

Segundo Andrés Iduarte, a predilección de Rómulo por Galicia é a orixe do seu apelido, que dunha maneira ou outra pertence ao seu xentilicio. Mentres unha parte dos veraneantes vivía na casa do matrimonio Gallegos, os outros vivían nunha casa alugada por Iduarte chamada “a da Vizcaya”.

O propio Iduarte relátanos o paso de Rómulo por aquela terra mariñeira:

Pola estrada de marabilla que vai de Beluso a Bueu, ou na ampla e alta de Bueu a Cangas, atopan acotío os pescadores da contorna un home grande e forte, dobrado, cuns trazos e unha cor que falan de mestizaxe de indio e de negro, e do sol de América. O rostro serio, pero prático, deixa ver o home recto e bo. A fronte morena, amplísima, o ollo aparentemente distraído, sempre en garda. O contacto co explotado proletario galego é a única sociedade que interesa ao romancista e ao home...

Nos momentos de lecer, o grupo gustaba ir ás praias da Roiba, de Tulla, ao Pedrón, tamén frecuentaban a praia Mourisca, onde procuraban ameixas ou preparaban sardiñas asadas, que a Rómulo lle encantaban. Os máis deportistas do grupo facían competicións de natación entre eles. Segue relatando Iduarte:

Os máis novos faciamos expedicións a Bueu, centro mariñeiro onde a casa Massó empacaba a pesca da contorna e en onde tratamos a moitas persoas da clase media e alta, nunca tan interesante como os nosos hospitalarios homes da terra e do mar.

Teo era a encargada de coordinar todos os mesteres da casa. Contratara unha veciña de nome Isabeliña que a axudaba nas tarefas do fogar. A muller de Rómulo fixera moita amizade coas veciñas, ás que lles aprendía a preparar cociña venezolana: arepas, cachapas, etc.

Nos momentos libres cosía roupa para os rapaces pobres da aldea. Por aqueles tempos o matrimonio non tiña fillos e pensaron adoptar unha filla da asistenta, de nome Paquiña, que tan só tiña tres anos. Isabel tiña moitos fillos e a familia Gallego pensou que podía ser unha forma de os axudar, criándolles unha filla en Venezuela. A paisana, malia a mala situación económica, preferiu ficar coa nena, agradecendo o xesto dos “Venezolanos”.

Aquela vila mariñeira dos anos trinta estaba moi ilusionada coa II República. Na península do Morrazo, as ideas socialistas, anarcosindicalistas e galeguistas calaran fondamente entre os mariñeiros. Malia a pobreza, aquelas xentes soñaban cunha revolución que os liberaría da miseria e do traballo case escravo. A Gallegos gustáballe



Teotiste Arocha, Rómulo Gallegos, Andrés Iduarte e Gonzalo Barrios. Beluso, 1935


falar con aqueles homes rudos do mar e con algúns deles establecerá amizade.

Case a diario conversaba cun carpinteiro de ribeira chamado Xosé de la Torre López, que profesaba ideas comunistas. O seu amigo Xosé reunía os veciños no taller da súa carpintería para lles pasar filmes de contido social ou revolucionario ou lerlles en voz alta os xornais chegados de Madrid. No andar superior da súa casa vivía Iduarte e a súa compañeira. Cando se forma a Fronte Popular, en 1935, o carpinteiro comunista convértese nun dos seus dirixentes máis destacados na vila.

Cóntanos Iduarte:

Beluso estaba a un quilómetro de Bueu, por camiños pintorescos, que de noite iluminaba coas ondas prateadas que petaban as penas. A nosa sociedade diaria facíana os pescadores e os obreiros da aldea que formaban as trinta familias que poboaban a súa única rúa, á beira do mar...

Tamén Rómulo mantiña amizade cun mariñeiro chamado Xesús Regueira. Aquel vello lobo de mar viaxara polos cinco continentes e estaba curtido polo sol, o sal e os ventos, que día e noite batían contra a nave. Ao vello mariñeiro gustáballe contar no seu idioma galego as aventuras vividas polos mares de Irlanda e do Báltico.



Rómulo Gallegos rematou de redactar *Pobre negro* durante a súa estada en Galicia (1935)

En Beluso, Rómulo Gallegos continúa ou remata tres das súas obras importantes: *Cantaclaro* (1934) e *Canaima* (1935), libro no que se describen os costumes e os conflitos sociais dos Llanos venezolanos. A *Pobre negro* deulle cabo naquela casa fronte ao mar en decembro de 1935

Regueira confundíase sempre co nome, chamándolle *Don Rómbalo*, causando o riso de todos “os Venezolanos”, incluído Gallegos.

En Beluso, Rómulo Gallegos continúa ou remata tres das súas obras importantes: *Cantaclaro* (1934) e *Canaima* (1935), libro no que se describen os costumes e os conflitos sociais dos Llanos venezolanos, a *Pobre negro* deulle cabo naquela casa fronte ao mar en decembro de 1935.

Chegou o outono de 1935 cun Rómulo disposto a radicarse naquela vila encantada de Beluso.

Ramón Suárez Picallo, que por aqueles anos deixara de ser deputado en Cortes e residía en Compostela, cóntanos o seu reencontro con Rómulo Gallegos, ao que levaba algún tempo sen ver polos faladoiros de Madrid:

Era una noite da crúa invernia de 1935, na cidade de Santiago de Compostela. Sobre os tellados centenarios cubertos de carriza e esvarando por entre as laxes do pavimento das rúas dos Bautizados, do Villar e da Raíña, caía persistente, interminable e teimuda, una fría chuvía de poalla.

Eladio Rodríguez, estudante de Filosofía e Letras, poeta e escritor de Ourense, entrou de súpeto no noso cuarto berrando: ¡Érguete! Acaba de chegar a Santiago Rómulo Gallegos, o autor de *Doña Bárbara*. Vén falar con Valle-Inclán sobre un Congreso Internacional de Escritores que terá lugar en París.

Rómulo Gallegos, home do trópico, foi dar a Galicia en pleno inverno, coa aparencia de corvo mollado. Pero un bo prato de cocido galego, regado cunha xerra de viño do Ribeiro de Avia produciu inmediatamente a milagreira reacción. Xusto á hora da súa chegada entrabamos na praza de Praterías, a Quintana dos Mortos, San Martiño Pinarío e o Seminario Conciliar, para caer despois na gran Praza Maior ás 12 en punto da noite, cando o reloxo da Berengüela —a torre máis fermosa, máis alta e máis cristiá de España— debullaba as súas badaladas sonoras e profundas, sobre o vello Campus Stellae, Xerusalén de Occidente, urbe douta e santa de toda a Europa cristiá da Idade Media. Non houbo palabras, ¿para que? O grande

escritor da América alborotada ou sometida percorreu as caellas que o separaban do seu aloxamento, coas mans estendidas, apalpando con estremecida emoción filial, os capiteis románicos de granito vivo lamido polo tempo dos soporais do século XIII...”

As noticias de Madrid eran inquietantes; a pesar diso, a esquerda preparábase para arrebatarlles o goberno aos conservadores. Mentres as follas caían no seu extenso parque arborado e o vento bruaba na súa xanela de home libre, no Estado español creárase a Fronte Popular, onde participaba tamén o Partido Galeguista. Rómulo seguía de preto este proceso, era un home de esquerda. Ao mesmo tempo tiña moita simpatía polos ideais galeguistas. A súa admiración por Bolívar, por Sarmiento e por Martí achegárono ás concepcións autonomistas dos galegos. A estreita relación cos intelectuais deste país e a súa amizade con Fernández Mezquita convertérono nun profundo conecedor das reivindicacións históricas de Galicia.

En decembro daquel ano dera cabo ao seu último libro. A choiva de Galicia mergulláralo nun intenso labor creativo, ata que un telegrama desde Venezuela lle trouxo a noticia da morte do ditador. A alegría foi inmensa, comezou a tirar as follas dos seus escritos polo ar, mentres se abrazaba á súa muller coa ilusión de volver á terra. Aquel Nadal foi moi especial, tiña a gran misión de tornar a Venezuela, onde o esperaban para aclamalo. O día 24, na noiteboa, convidou a cear a familia que o asistía e o 26 partiu para Barcelona, de onde saíu rumbo a Caracas. Ao respecto, sinala Iduarte:

Se as portas de Venezuela non se abrisen en 1935 creo que Gallegos non tería saído de Galicia. Cando menos, moito traballo lle tería custado. Ata falamos de fundar unha escoliña para os pescadores, para os adultos e para os nenos. Os seus libros íanlle producindo cada día máis rendemento, e xa podía sustentarse independentemente naquel suave recuncho...

Con Rómulo en Caracas, o seu amigo Fernández Mezquita decide repetir as ferias en Beluso, esta



Intervención de Rómulo Gallegos nun acto antifranquista en Venezuela

vez en compañía de Maruja Mallo. Coma sempre, frecuentaba os faladoiros cos amigos da aldea, que se xuntaban no bar de Estévez. O tema obrigado, entre cunca e cunca de viño do país, eran os rumores de alzamento militar.

O 17 de xullo a noticia que se comentaba, entre os mariñeiros, era a presentación nas Cortes de España do Estatuto de Galicia. Horas despois comenzaban a chegar os primeiros rumores de sublevación no norte de África. O 18 a noticia estaba confirmada; mentres, Xosé de la Torre inicia xunto aos militantes máis conscientes da bisbarra os preparativos para resistir o golpe fascista. O día 20 convócase folga xeral en Bueu.

O xornalista Xesús Portela no libro *Johan Carballeira, o valedor dos homes do mar* relátanos estes momentos:

Ese mesmo día, o tenente de alcalde Francisco Piñeiro e outros significativos líderes de organizacións da esquerda e das centrais sindicais do pobo fletan dous camións —requisados a Massó e a Barreras— e, pola tarde saen para Pontevedra con homes armados que teñen a intención de se poren ás ordes do Gobernador Civil en defensa da República; esta expedición foi detida en Marín polas forzas militares sublevadas do polígono de tiro Janer e foi obrigada a volver a Bueu...

A noite do 22, un grupo de 30 veciños, entre eles Xosé de la Torre, deciden facer unha sabotaxe na ponte de Beireses, na estrada xeral a Pontevedra. A inexperiencia daqueles mariñeiros fai fracasar a intentona. Por aquela data, as tropas do “Movimiento Nacional” controlaban a situación e moitos dos resistentes bótanse ao monte. Alberto Mezquita e Maruja Mallo foxen pola raia de Portugal. Nunha emotiva despedida con Xosé de la Torre, segundo contará posteriormente a pintora, o carpinteiro comunista dille: “Non fuxirei ás montañas. Quero a vitoria ou o camposanto. O triunfo será noso”.

Con aquel frustrado e desesperado intento de resistencia, comeza unha longa e triste historia para Bueu e os seus poboadores. O alcalde, Johan Carballeira, foi detido e posteriormente fusilado. A mesma sorte correu o carpinteiro comunista, a quen se perseguiu ferozmente, ata o asasinar.

Maruja Mallo e Mezquita puideron chegar a Portugal, onde el foi posteriormente detido. O amigo de Rómulo sufriu cadeas e tormentos. Mentres, a xenial pintora comezaba o longo camiño do exilio e do éxito.

En Venezuela, Gallegos vive con moita preocupación os sucesos de España. Naquela terra deixara moitos amigos e lembranzas.

Ao pouco de chegar ao seu país foi nomeado ministro de Educación, período durante o cal

tentou realizar profundas reformas no sistema escolar. Mais estes intentos resultaron fallidos e leváronno a renunciar. En 1945, Gallegos tomou parte activa do golpe militar que conduciu a Rómulo Betancourt ao poder, como presidente provisional do país.

Como adoitaba facer, o xa consagrado escritor combina o labor político co intelectual. Nestes anos remata o libro de contos *Rebelión*, que se edita en 1946. Dous anos despois foi electo presidente de Venezuela, desempeñando o cargo desde febreiro ata novembro de 1948.

No transcurso do seu mandato colabora con exiliados españois e coas autoridades da República no exilio. Durante o tempo que exerceu responsabilidades de goberno facilitou a radicación de varios exiliados galegos, entre eles o poeta Xosé Velo Mosquera, Isolino López, Xosé Fernández (*Sotomayor*) e o capitán Mosqueira Manso. Foi naqueles tempos cando chega a Venezuela fuxindo do terror franquista o seu amigo ourensán, Alberto Fernández Mezquita, contando coa axuda solidaria do presidente venezolano.

Fernando, o fillo do capitán Mosqueira Manso, tamén exiliado como o seu pai, cóntanos a amizade que tiña con Rómulo Gallegos e os seus vínculos afectivos con Galicia:

Os seus antecedentes e o seu comportamento cos galegos eran dignos de todo eloxio. O meu pai, que viaxara moito, acostumaba levar unha pequena Kodak no peto e en calquera lugar tiraba fotografías (era un namorado da fotografía) e, que pasou...?, pois, quixo a casualidade, que o meu pai viaxase pola provincia de Pontevedra, a terra dos avós de Rómulo Gallegos e, en Bueu e o seu contorno, tirou varias fotografías.

Tamén, por casualidade, e falando de viaxes e lugares, o meu pai mostroulles a Gallegos e á súa esposa, Teotiste, esas fotografías. Esta, ao velas, lanzou unha exclamación de xúbilo. Dona Teotiste, dixo, dirixíndose ao grande escritor:

—¡Olla, Rómulo!, non che trai isto lembranzas? Olla esta árbore, fíxate neste camiño e o prado que está á dereita. Cantos recordos, que fermosos recordos! Lembras aqueles seráns, cando paseabamos por Bueu e os seus arredores? Aínda os lembras?

Rómulo Gallegos colleu as fotos e ollounas, con detemento e con emoción:

—Si, muller, lembro estes lugares e os nosos paseos ao serán e lembro a xente, a boa xente que habitaba estes lugares. Eran galegos, como

os meus avós maternos. Lémbroos a todos con agarimo...

Nese tempo, Gallegos e o seu partido, Acción Democrática, abren unha nova etapa histórica de progreso. Venezuela comeza a ser destino de miles de inmigrantes. Comezan a chegar —despois dos exiliados— os primeiros emigrantes galegos.

Esta situación crea as condicións para a fundación do primeiro centro da colectividade, o Lar Galego de Caracas, en outubro de 1945. O seu primeiro presidente foi Mosqueira Manso, acompañado nas distintas directivas por Silvio Santiago, Isolino López, Caamaño, Pepe Velo, etc.

Unha tarde, cando a sede do Lar Galego estaba chea de paisanos, Mosqueira entrou acompañado por dúas visitas que abraiaron os presentes. Tratábase de Rómulo Gallegos Freyre e Andrés Eloy Blanco Meañó, ambos descendentes de galegos. O segundo foi presidente do Congreso de Venezuela, un dos mellores poetas deste país, autor da letra da canción *Angelitos negros*. Pouco tempo despois, a proposta de Mosqueira, foron nomeados socios de honra do Lar Galego.

A fins dos anos cincuenta, influenciados pola revolución cubana, os nosos exiliados impulsan distintos organismos de loita antifranquista, primeiro fundan a Unión de Combatentes Españóis (UCE) coa participación do coronel Bayo, quen adestrara os guerrilleiros de Serra Maestra. Esta organización dará lugar ao Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL), onde participaban dous antigos amigos de Rómulo Gallegos: Alberto Fernández Mezquita e Xosé Velo Mosquera. Tamén militaban nese grupo antifranquista os exiliados Xulio Formoso, Francisco Rico, Manuel Fernández Vázquez *Sotomayor* e un grupo de exiliados portugueses, comandados polo comandante Galvão. Aquel grupo revolucionario leva a cabo en 1961 o secuestro do trasatlántico *Santa María*, co fin de denunciar en todo o mundo as ditaduras de Salazar e de Franco.

Pouco duraría Gallegos no poder. A man dos EUA e os grupos reaccionarios venezolanos organizaron un golpe de estado para derrocalo. Rómulo tivo que exiliarse primeiro en Cuba e despois en México, retornando a Venezuela en 1958.

En 1960 foi proposto por varias personalidades internacionais, entre elas o secretario da Real



Durante a súa intervención na inauguración do Lar Galego de Caracas en 1945, sociedade da que Gallegos era socio e membro de honra

Academia Española, José María Pemán, para o Premio Nobel de Literatura. Tamén foi proposto, a través dun artigo moi eloxioso no xornal *El Nacional*, polo exiliado lugués Xesús Vázquez Gayoso, quen fora ministro da República española no exilio.

Na madrugada do 5 de abril de 1969, o grande escritor de América pasaba á eternidade, para vivir para sempre na memoria do pobo venezolano. O seu entrañábel paso por Galicia —que sempre lembrou con morriña— obríganos a esta emotiva homenaxe ■

Bibliografía

- Gurméndez, Carlos (1981). *Fernández Mazas*. Sada: Edicións do Castro.
- Iduarte, Andrés (1954). *Veinte años con Rómulo Gallegos*. México: Ediciones Humanismo.
- López Rueda, José (1986). *Rómulo Gallegos y España*. Caracas: Monte Ávila Editores.
- Portela, Xesús (1997). *Johan Carballeira, o valedor dos homes do mar*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- Suárez Picallo, Ramón (1948). *La feria del mundo. Hombres de América*. "Rómulo Gallegos", 3 de decembro de 1948. Santiago de Chile: Consello da Cultura Galega.
- Testemuño oral de Raimundo García Domínguez *Borobó*.
- Torrealba Lossi, Mario (1985). *Gallegos. Un hombre un destino*. Caracas: Colegio de Profesores de Venezuela.
- Vidal, Carme (1999). *Maruxa Mallo*. Vigo: Edicións A Nosa Terra.